

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 07 DE NOVEMBRO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **SETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **EXPEDIENTE 1259/2017. BASES DO XVIII CONCURSO DE ESCAPARATES PARA O NADAL 2017-18 .**
- 3º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**
- 4º.- **EXPEDIENTE 901/2017.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS: “MELLORA DOS CAMIÑOS DE ACCESO EN SIADOR E LARO.”**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 24 de Outubro de 2017

2º.- **EXPEDIENTE 1259/2017. BASES DO XVIII CONCURSO DE ESCAPARATES PARA O NADAL 2017-18 .**

Vista a proposta do concelleiro de Comercio, Benito Saavedra Vázquez, de data 07 de novembro de 2017 que literalmente dí:

“Elaboradas polo Departamento de Comercio as Bases do XVIII Concurso de Escaparates para o Nadal 2017-18 baixo a supervisión desta Concellería, seguindo as pautas de anos anteriores.

Visto que no apartado de premios figura como primeiro, o que se outorga polo Concello de Silleda e que consiste entre outros, nun Diploma e unha cantidade de 200 € que se entregará en efectivo.

Esta Concellería acorda propoñer a Xunta de Goberno:

1.- A aprobación das Bases da XVIII edición do Concurso de Escaparates a celebrar entre o 6 de Decembro de 2017 e o 5 de xaneiro de 2018.

2.- A aprobación do pago da cantidade de 200,00 € como pago en efectivo do 1º premio outorgado polo Concello conforme ás bases establecidas.

3.- Dar conta á Intervención do acordo para que realice o pago, cando proceda.”

Vistas as Bases do XVIII Concurso de Escaparates para o Nadal 2017-18, que transcribense a continuación:

"XVIII CONCURSO DE ESCAPARATES "NADAL GALEGO 2017-18" - BASES

OBXECTIVOS:

Estimular nos comerciantes e empresas do municipio o movemento dos escaparates, de maneira que se dispoñan artisticamente e con sentido publicitario e comercial os produtos que se mostran.

Crear un ambiente máis festivo e que motive aos veciños de Silleda e visitantes a ver e mercar nos comercios locais.

PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS

Poderán participar tódolos comerciantes e empresarios do Concello que posúan escaparates de exterior preparados de acordo cas condicións xerais que regulan o concurso.

Non se esixirá inscrición previa mais, unha Comisión de Admisión determinará que establecementos entrarán a formar parte do grupo de seleccionados para o concurso final.

ÁMBITO:

O ámbito será municipal. Calquera establecemento comercial, se cumpre as condicións mínimas requiridas poderá ser considerado concursante.

PREMIOS:

1º.- PREMIO CONCELLO DE SILLEDA: 200,00 € e Diploma outorgado polo Concello de Silleda.

2º.- PREMIO AO MÁIS ORIXINAL E INNOVADOR: 150,00 € e Diploma outorgado polo Hotel Via Argentum..

3º.- PREMIO AO MÁIS COMERCIAL CON EXPOSICIÓN DO PRODUTO : 100,00 € e Diploma outorgado pola Estación de Servicio Silleda.

DESENVOLVEMENTO:

1.-Para determinar quen participa, a organización anotará aqueles que a partir do 6 de Decembro de 2017 teñan os seus escaparates elaborados conforme ós requisitos e merezan ao seu criterio a participación.

2.-En datas posteriores, sempre dentro do tempo esixido de exposición, o Xurado sen previo aviso realizará a súa avaliación, observando un a un cada escaparate dos previamente seleccionados pola Comisión de Admisión.

3.-Os premios serán outorgados a aqueles concursantes que en base a 10 puntos por cada concepto, acaden a máxima global segundo os seguintes criterios de valoración:

*ORIXINALIDADE E INNOVACIÓN
ILUMINACIÓN
COMERCIAL E DE EXPOSICIÓN DO PROPIO PRODUTO .*

4.-As deliberacións do xurado serán secretas e as súas decisións inapelables en todo caso, podendo declarar desertos todos ou cada un dos premios previstos.

5.-Tendo en conta as diferenzas existentes entre os distintos comercios e os produtos que se poden expoñer, valoraranse os medios e recursos cos que se contan así como o esforzo feito en cada traballo.

ENTREGA DOS PREMIOS

Os premios serán entregados o día 4 de xaneiro de 2018 , no Salón de Plenos do Concello previa comunicación de resultados.

COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto por varias persoas, mínimo tres, con cualificación suficiente para saber valorar os traballos que se expoñan. Na presente edición estará integrado polo alumnado e profesorado do Ciclo Superior de Xestión de Vendas e Espazos Comerciais do IES Pintor Colmeiro de Silleda, coa limitación de que non poderán ter relación directa cos participantes dos escaparates.

Estará presidido polo Alcalde do Concello de Silleda ou persoa en quen delegue.

CONDICIÓN XERAIS

1.-Só entrarán en concurso escaparates de exterior.

2.-Deberán estar elaborados na semana do día 6 de Decembro do 2017, data a partir da que a organización determinará os que entren a participar, e permanecerán en exposición ata o día 5 de Xaneiro do 2018. Durante estes días, intentarase non modificar o escaparate concursante en canto ó contido e non poderán engadirse carteis ou reclamos que modifiquen o verdadeiro espírito do concurso.

3.-Nos deseños ou exposicións deberán ofrecerse detalles alusivos ás festas do momento, con presenza obrigada de produtos de venda do establecemento, sendo libre a temática a empregar. Valorarase o esforzo por renovar os escaparates e o uso do galego nas mensaxes.

4.-Co ánimo de favorecer a participación masiva, só se poderá conceder un premio por comercio, aínda que prepare varios escaparates, podendo obter máis, se dita empresa tivese sucursais, suposto no que sería considerado coma un concursante distinto.

No suposto de contar un establecemento con varios escaparates, entrará a concurso un deles, o cal será claramente diferenciado do resto. Neste caso a comisión terá en conta esta circunstancia.

5.-Tamén co desexo de dar maior promoción ó comercio do concello, deberán manterse iluminados os escaparates, ata as nove da noite.

6.-A participación no Concurso supón a total aceptación das presentes bases.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA** aceptar a proposta do Concelleiro de Comercio, de data 07 de novembro de 2017, e polo tanto:

1.- A aprobación das Bases da XVIII edición do Concurso de Escaparates a celebrar entre o 6 de Decembro de 2017 e o 5 de xaneiro de 2018.

2.- A aprobación do pago da cantidade de 200,00 € como pago en efectivo do 1º premio outorgado polo Concello conforme ás bases establecidas.

3- Dar conta á Intervención do acordo para que realice o pago, cando proceda.

3º.- SERVICIOS SOCIAIS.

3.1.- Expte. 95/2017. Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, asinado en data 31 de outubro de 2017.

Vistas as circunstancias citadas no informe da traballadora social, e que xestionouse expediente de solicitude de subvención do programa Rehavita do IGVS, destinado a tal fin, estando a día de hoxe a obra de rehabilitación efectuada, ascendendo o custe total a 5,113,12 €, dos cales:

- O 95% (4,857,46 €) será abonada polo IGVS directamente ó Concello e este a empresa executora.
- o 5% restante (255,66 €) será abonado polo Concello a cargo das partidas presupuestadas no programa de emerxencia social municipal, abonándose directamente á empresa executora.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **C.M.L.**, DNI nº -----, polos seguintes importes:

Nº de Factura: 06-10/17

Data de emisión: 30/10/2017

Importe: 255,66 €

Concepto: 5% (aportación Concello) da certificación 1 e final do arranxo da vivenda

Nº de Factura: 05-10/17

Data de emisión: 30/10/2017

Importe: 4,857,46 €

Concepto: 95% (aportación IGVS) da certificación 1 e final do arranxo da vivenda

4º.- EXPEDIENTE 901/2017.- ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS: "MELLORA DOS CAMIÑOS DE ACCESO EN SIADOR E LARO."

ANTECEDENTES

- Na XGL do 05 de Outubro de 2017 acordouse:

"4º.- EXPEDIENTE 901/2017. LICITACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS: "MELLORA DOS CAMIÑOS DE ACCESO EN SIADOR E LARO."

.../...

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO: APROBAR o Proxecto para as obras de "**Mellora dos camiños de acceso en Siador e Laro**", por importe de 146.465,49 €, IVE incluído (25.419,63 €), redactado polo enxeñeiro David Cerdeira Canicoba, colexiado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia co número G862

SEGUNDO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 121.045,86 € máis IVE "**Mellora dos camiños de acceso en Siador e Laro**"

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 146.465,49 €, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 151-619, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

CUARTO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto municipal, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

QUINTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

SEXTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
R/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 – parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)

- Construcciones, Obras y Viales, S.A.
R/ Herminia Fariña Cobián, bajo
Apartado de Correos 202
36.003 - Pontevedra”

Visto que procedeuse a convocar a 3 empresas a que presentasen ofertas, tratándose dun contrato de obras por procedemento negociado sen publicidade:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
Registro de Saida: 2017-S-RE-167 de 23.10.2017

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Registro de Saida: 2017-S-RE-168 de 23.10.2017

- Construcciones, Obras y Viales, S.A.
Registro de Saida: 2017-S-RE-169 de 23.10.2017

Visto que presentáronse as seguintes ofertas:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
Registro de Entrada: 4832 de 30.10.2017

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Registro de Entrada: 4878 de 02.10.2017

- Construcciones, Obras y Viales, S.A.
Registro de Entrada: 4867 de 02.10.2017

Co seguinte resultado:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
Presuposto: 121.045,86 € + IVE

Garantía das obras: Non presenta aumento do prazo de garantía
Melloras: Non presentan
Prazo de execución: 3 meses.

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Presuposto: 121.045,86 € + IVE
Garantía das obras: Non presenta aumento do prazo de garantía
Melloras: Non presentan
Prazo de execución: 9 semanas

- Construcciones, Obras y Viales, S.A.
Presuposto: 121.045,86 € + IVE
Garantía das obras: Non presenta aumento do prazo de garantía
Melloras: Non presentan
Prazo de execución: 11 semanas.

VALORACIÓN: Visto que a oferta mais económica é a de CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., en aplicación dos criterios de valoración do Prego.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de “MELLORA DOS CAMIÑOS DE ACCESO EN SIADOR E LARO” a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

O prezo de adxudicación é de 121.045,86 € + IVE, (Total: 146.465,49 €), segundo o previsto no Prego de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentadas.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e **AVAL** por importe do 5% da adxudicación do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

Cuarto.- Nomear como Director das obras ó Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 07 de Novembro de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga